

### 5. Caracterización dos países obxectivo

---

Tras analizar o comercio exterior dos sectores da edición e das artes gráficas e de coñecer o potencial de internacionalización das empresas destes sectores, os países seleccionados conxuntamente coas empresas do cluster do produto gráfico e do libro galego para a súa internacionalización son México e Francia.

Tal e como se manifestou no capítulo anterior, México é o mercado elixido para a internacionalización do sector editorial como cabeceira do mercado latinoamericano. Por outra banda, Francia é o país seleccionado para a internacionalización do sector gráfico, como cabeceira do mercado europeo.

#### 5.1. México<sup>4</sup>

---

México é un país cunha extensión territorial de 1.964.375 km<sup>2</sup>. que conta con cento catro millóns de habitantes (sendo o 49,25% homes e o 50,75 mulleres, segundo o último censo do 2006), o que supón o 1,6% da poboación mundial.

A continuación preséntase unha breve descrición macroeconómica do país analizando as principais variables que definen a súa economía e comparándoas coas da economía española.

##### 5.1.1. A situación económica do país

México é o **mercado máis importante para España en Latinoamérica**, ten unha situación económica estable, aínda que nestes últimos anos acusou a ralentización da actividade en Estados Unidos, país do que depende a nivel de produción e comercio.

**Os puntos fortes da economía mexicana son:**

- México converteuse nunha potencia industrial debido ao seu ingreso no TLCAN, Tratado de libre Comercio de América do Norte.

---

<sup>4</sup> Esta información extraeuse do Informe Económico-Comercial elaborado pola oficina comercial da embaixada española en México.

## Estudo de Oportunidades de Negocio no Exterior

- Nos últimos anos, a estabilidade macroeconómica foi boa.
- O exercicio de control sobre as débedas, tanto interna como externa, xunto cunha balanza comercial moderada, atraeu ao investimento estranxeiro.
- Cun sector bancario consolidado desde a crise económica dos anos 1994 e 1995, o país foi moito menos vulnerable ás crises financeiras.

### Os puntos débiles da economía mexicana son:

- A excesiva concentración das súas exportacións a EE.UU.
- O problema de competitividade no que a comercio se refire, principalmente, pola competencia de China.
- As contas públicas dependeron excesivamente dos ingresos do petróleo.
- A complicada situación política impediu o progreso dalgunhas reformas estruturais esenciais como melloras no sistema fiscal, enerxía, reformas laborais, etc.
- Debido á falta de investimento e man de obra cualificada, non foi posible que se levaran a cabo esforzos encamiñados a unha maior especialización productiva.

### *Principais resultados macroeconómicos de México*

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Crecimiento PIB %	- 4,8	3,7	6,9	- 0,3	0,9	1,3	4,4	3
Exportacións (mill. \$)	117.459	136.391	166.455	158.443	160.763	164.766	187.999	213.994
Importacións (mill. \$)	125.373	141.975	174.458	168.396	168.679	170.546	196.810	221.414
Balanza Comercial (mill. \$)	- 7.913	- 5.584	- 8.003	- 9.954	- 7.916	- 5.779	- 8.811	- 7.558
Inv. Extr. Directa (mill. \$)	8.238	13.153	16.404	26.537	13.626	12.751	17.910	17.804
Taxa de Desempleo (%)	3,16	2,50	2,20	2,42	2,70	3,41	3,92	3,58
Inflación (%)	18,61	12,32	8,96	4,40	5,70	3,98	5,19	3,33
Tipo interés (CETES) (%)	24,80	23,60	15,26	11,31	7,18	6,20	6,80	9,19
Déficit público (%PIB)	1,24	1,15	1,10	0,73	1,20	0,62	0,25	0,09
Renta per cápita (\$)	4.200	-	-	-	-	-	-	7.450

Fonte: ICEX, a partir dos datos de INEGI, SHCP e Banxico

## Estudo de Oportunidades de Negocio no Exterior

### Comparación da economía mexicana coa española

No seguinte cadro preséntase unha comparativa das variables macroeconómicas mexicanas e españolas.

	México	España
Ranking exportadores 2007	15ª potencia exportadora segundo a OMC.	17ª potencia exportadora segundo a OMC.
Ranking económico mundial	Economía nº 13 segundo o FMI	Economía nº 8 segundo o FMI
PIB 2007	1.353.000 Mill. USD	1.361.000 MMill. USD
Renta per cápita 2007	12.700 USD	30.200 USD
Exportacións mercancías 2007	272.000 Mill. USD	241.000 Mill. USD
Importacións mercancías 2007	296.300 Mill. USD	372.600 Mill. USD
Poboación 2007	106 millóns	44 millóns
Extensión	1.960.000 km <sup>2</sup>	500.000 km <sup>2</sup>

Fonte: Elaboración propia, a partir de datos do ICEX , do FMI e da OMC

#### 5.1.2. O comercio exterior

En 2007, a **balanza comercial** rexistrou un déficit 11.189,1 millóns de dólares, moi por encima do déficit de 2006 que se situou en 6.133,2 millóns de dólares. Os principais factores que explican este resultado son, por unha banda, o significativo aumento das importacións de produtos petroleiros e, polo outro, a desaceleración da demanda externa proveniente de EEUU.

Así, o valor das exportacións en 2007 foi de 272.044 millóns de dólares, un 8,8% máis que en 2006. As exportacións de produtos non petroleiros aumentaron máis do 8,7% mentres que as petroleiras fixérono en case un 10% alcanzando, ademais, un monto sen precedentes (42.886 millóns de dólares), reflexo dos elevados prezos do petróleo durante o ano. No entanto, o aumento das exportacións petroleiras foi superado polo incremento das importacións dese tipo de produtos o que fixo que o saldo superavitario da balanza comercial de **productos petroleiros** reduciuse de 19.000 millóns de dólares en 2006 a 17.200 en 2007.

## Estudo de Oportunidades de Negocio no Exterior

Doutra banda, experimentouse unha **diminución considerable na demanda de productos mexicanos por parte de EEUU**, o seu principal cliente. As vendas de productos mexicanos a EEUU creceron en 2007 un 5,4% fronte ao 8,9% de aumento das exportacións mexicanas a nivel global. A composición das exportacións de mercancías foi a seguinte: un 80,7% de bens manufacturados; un 15,7% de productos petroleros; un 2,8% agropecuarios e un 0,6% de productos extractivos non petroleros.

O **valor das importacións**, pola súa banda, ascendeu a 283.233 millóns de dólares, o que significou un aumento do 10,6% con respecto ao nivel observado o ano anterior. Os bens de consumo rexistraron en 2007 o incremento máis significativo respecto ao valor que as compras dese tipo de bens representaron en 2006, un 16,7%, mentres que as compras de bens de capital ao estranxeiro creceron un 13,7% e as de bens intermedios un 8,9%. A estrutura das importacións foi a seguinte: un 72,5% foron bens de uso intermedio; un 12,2% bens de capital e un 15,2% bens de consumo.

### Principais socios comerciais

EEUU é o principal **socio comercial** de México, sendo destino do 82,1% das súas exportacións e orixe do 49,6% das súas importacións.


#### *Principais países provedores de México*

	2005		2006		2007	
	Mill. USD	%	Mill. USD	%	Mill. USD	%
EEUU	118.547	53,4	130.383	50,9	140.569	49,6
CHINA	17.696	7,9	24.438	9,5	29.791	10,5
JAPÓN	13.077	5,9	15.295	5,9	16.360	5,7
COREA	6.495	2,9	10.621	4,1	12.659	4,4
ALEMANIA	8.670	3,9	9.437	3,6	10.699	3,7
CANADÁ	6.169	2,7	7.376	2,8	7.975	2,8
TAIWAN	4.066	1,8	4.973	1,9	5.898	2,0
BRASIL	5.214	2,3	5.557	2,1	5.581	1,9
ITALIA	3.498	1,5	4.108	1,6	5.560	1,9
MALASIA	6.658	1,6	4.474	1,7	4.772	1,6
ESPAÑA	3.324	1,5	3.638	1,4	3.833	1,3
<b>TOTAL</b>	<b>221.819</b>	<b>100,0</b>	<b>256.130</b>	<b>100,0</b>	<b>283.233</b>	<b>100,0</b>

Fonte: ICEX

## Estudo de Oportunidades de Negocio no Exterior

Á marxe de EEUU podemos destacar que cinco países asiáticos (China, Xapón, Corea, Taiwan e Malaisia) atópanse entre os 10 primeiros provedores de México e entre os europeos destacan Alemaña, Italia e España. Tamén ocupan posicións relevantes Canadá e Brasil.



Fonte: Banco de Méjico


### Principais países clientes de México

	2005		2006		2007	
	Mill. USD	%	Mill. USD	%	Mill. USD	%
EEUU	183.562	85,6	211.871	84,7	223.403	82,1
CANADÁ	4.234	1,9	5.176	2,0	6.494	2,3
ALEMANIA	2.289	1,7	2.972	1,1	4.104	1,5
ESPAÑA	2.954	1,3	3.270	1,3	3.583	1,3
COLOMBIA	1.548	0,7	2.132	0,8	2.943	1,0
VENEZUELA	1.288	0,6	1.783	0,7	2.333	0,8
BRASIL	890	0,4	1.147	0,4	2.010	0,7
JAPÓN	1.470	0,4	1.594	0,6	1.919	0,7
CHINA	1.135	0,5	1.688	0,6	1.895	0,7
PAÍSES BAJOS	801	0,3	1.326	0,5	1.747	0,6
<b>TOTAL</b>	<b>214.232</b>	<b>100,0</b>	<b>249.997</b>	<b>100,0</b>	<b>272.044</b>	<b>100,0</b>

Fonte: ICEX

## Estudo de Oportunidades de Negócio no Exterior

Como clientes, novamente á marxe de EEUU, destacan en orde de importancia, Canadá, Alemaña, España e Colombia.



Fonte: Banco de Méjico

Así, España é o cuarto cliente e o undécimo proveedor para México.

### 5.1.3. Relacións bilaterais España-México

#### Balanza comercial de España con México (en miles de euros)

	2008				2007			
	Expor.	Impor.	Saldo	Cobertura	Export.	Import.	Saldo	Cobertura
Enero	223.316	318.709	-95.393	70,07%	228.933	208.193	20.740	109,96%
Febrero	224.477	264.028	-39.551	85,02%	272.592	255.186	17.406	106,82%
Marzo	201.235	213.112	-11.877	94,43%	303.138	199.464	103.673	151,98%
Abril	279.882	319.619	-39.737	87,57%	235.350	186.338	49.012	126,30%
Mayo	234.789	312.934	-78.145	75,03%	308.315	281.879	26.436	109,38%
Junio	247.557	323.996	-76.438	76,41%	260.270	205.800	54.469	126,47%
Julio	265.943	304.180	-38.238	87,43%	292.794	305.310	-12.515	95,90%
Agosto	254.244	435.900	-181.656	58,33%	246.823	330.685	-83.862	74,64%
Septiembre	222.547	213.930	8.617	104,03%	259.650	210.840	48.811	123,15%
Octubre	241.632	256.792	-15.160	94,10%	251.470	332.815	-81.345	75,56%
Noviembre	187.798	171.312	16.487	109,62%	252.501	297.017	-44.515	85,01%
Diciembre	197.533	212.229	-14.696	93,08%	270.525	198.525	72.000	136,27%
<b>Total</b>	<b>2.780.952</b>	<b>3.346.741</b>	<b>-565.789</b>	<b>83,09%</b>	<b>3.182.361</b>	<b>3.012.051</b>	<b>170.310</b>	<b>105,65%</b>

Fonte: ICEX

## Estudo de Oportunidades de Negocio no Exterior

A relación comercial bilateral atravesaba un bo momento habendo acadado máximos tanto de exportacións como de importacións, aínda que queda unha grande marxe de crecemento.

Na seguinte táboa preséntase o ranking dos principais sectores importados por España a México no ano 2008, na que se observa que os principais sectores mexicanos importados por España son: medio ambiente, tecnoloxía e química. Así máis das tres cuartas partes das importacións españolas de México proveñen do sector medio ambiente e da produción enerxética.

### **Ranking dos principais sectores importados por España a México. 2008**

Orden	Sector	Importe (miles de €)
1	Medio ambiente y producción energética	2.553.368
2	Tecnología industrial	322.992
3	Industria química (productos químicos)	116.892
4	Materias primas, semimanufacturas y productos intermedios	101.937
5	Tecnología de la información y de las telecomunicaciones	54.473
6	Industria auxiliar mecánica y de la construcción	44.472
7	Productos hortofrutícolas	33.899
8	Moda	28.509
9	Otras bebidas alcohólicas	21.968
10	Pescados y marisco	21.924
11	Panadería y otros	15.456
12	Hábitat	14.423
13	Industrias culturales	5.268
14	Ocio	4.903
15	Bebidas sin alcohol	3.931
16	Tabaco	1.335
17	Grasas y aceites	563
18	Animales vivos y sus productos	393
19	Productos cárnicos	26
20	Plantas vivas y productos de floricultura	9
21	Vinos	2

Fonte: ICEX

Por outra banda, os principais sectores exportados por España a México son tecnoloxía, medio ambiente e moda, tal como amosa a seguinte táboa. Así o 30% das exportacións de España a México constitúeno os produtos de tecnoloxía industrial, un 15% mercadorías relacionadas co medio ambiente e a produción enerxética e outro 14% corresponde a produtos da moda.

## Estudo de Oportunidades de Negocio no Exterior

### Ranking dos principais sectores exportados por España a México. 2008

Orden	Sector	Importe (miles de €)
1	Tecnología industrial	833.807
2	Medio ambiente y producción energética	429.816
3	Moda	389.203
4	Industria química (productos químicos)	239.818
5	Industria auxiliar mecánica y de la construcción	213.227
6	Hábitat	153.004
7	Materias primas, semimanufacturas y productos intermedios	145.005
8	Industrias culturales	92.093
9	Tecnología de la información y de las telecomunicaciones	60.295
10	Ocio	56.576
11	Otras bebidas alcohólicas	46.694
12	Vinos	38.051
13	Grasas y aceites	25.647
14	Panadería y otros	19.741
15	Productos hortofrutícolas	18.432
16	Productos cárnicos	6.714
17	Pescados y marisco	6.337
18	Bebidas sin alcohol	3.708
19	Lácteos	1.637
20	Animales vivos y sus productos	577
21	Tabaco	331
22	Plantas vivas y productos de floricultura	239

Fonte: ICEX

#### 5.1.4. Vantaxes do mercado mexicano

México é un mercado prioritario para España polas seguintes razóns:

- Polo seu **tamaño e importancia** na zona: décimocuarta economía do mundo e primeira en Iberoamérica, cun PIB de 715.000 millóns \$ e renda por habitante de 7.400 \$ en 2005.
- Polo seu **dinamismo**: Crecemento do 4% en 2004 e previsións non inferiores ao 3,8% en 2005. Importante potencial de crecemento a medio prazo (7%) si se realizan as reformas estruturais previstas.
- Pola súa **apertura ao exterior**. México é unha economía aberta: grao de apertura do 56%. Primeira potencia comercial de Iberoamérica e 13ª no mundo. Porta de entrada en mercado NAFTA (EE.UU. e Canadá). Forma parte de numerosos Acordos de Libre Comercio, doce en total, que facilitan acceso preferente a 43 países.

### 5.2. Francia<sup>5</sup>

Francia é o país máis extenso de Europa Occidental cunha superficie de 544.000 km<sup>2</sup>. A poboación de Francia acadou a 1 de xaneiro de 2008 a cifra de 63.779.000 habitantes (incluíndo os territorios de ultramar), cunha taxa de natalidade de case 2 nenos por muller, é o segundo país máis fecundo de Europa contribuíndo en 2/3 ao crecemento da poboación europea.

A continuación preséntanse as principais variables que definen a súa economía.

#### 5.2.1. A situación económica do país

Francia ocupa o sexto lugar como economía mundial, e no ano 2006 xerou un PIB que alcanzou os 1,8 billóns de euros. Durante os últimos cinco anos, creáronse máis dun millón de empresas, é dicir, a un ritmo medio dunhas 550 empresas novas cada día.

#### *Principais resultados macroeconómicos de Francia*

	2004	2005	2006	2007
Crecedemento do PIB real %	2,3	1,7	2,2	1,9
Exportacións (millóns de €)	335.949	352.416	384.984	395.648
Importacións (millóns de €)	355.003	388.711	427.501	450.524
Balanza Comercial (millóns de €)	-19.154	-36.295	-42.517	-54.876
Inversión Estranxeira Directa (millóns de €)	23.223	65.184	64.629	109.491
Taxa de Desemprego (%)	9,3	9,4	8,8	7,9
Inflación (%)	2,1	1,8	1,6	1,5
Tipo interés intervención do Banco Central (%)	2,0	2,25	3,5	4,0
Déficit público (% PIB)	3,6	2,9	2,4	2,7
PIB per cápita				26.100

Fonte: ICEX, a partir dos datos de Aduanas, Banque de France, INSEE, OCDE

<sup>5</sup> Esta información extraeuse do Informe Económico-Comercial elaborado pola oficina económica e comercial de España en París.

## Estudo de Oportunidades de Negocio no Exterior

As previsións macroeconómicas publicadas polo Goberno francés para 2009 indican que, nun contexto de redución do crecemento mundial, a actividade se desacelerará de forma moderada en Francia. O PIB crecerá entre 1,75% e 2,25% no 2009.

A demanda interna debería beneficiarse das reformas levadas a cabo para favorecer o poder adquisitivo e o consumo das familias podería aumentar un 2,4% no 2009.

O investimento crecerá un 2% cada ano arrastrado fundamentalmente polo investimento produtivo que debería crecer un 4,1% no 2009, o que compensará a debilidade do investimento das familias que será tan só dun 1,8%.

### Comparación da economía francesa coa española

No seguinte cadro preséntase unha comparativa das variables macroeconómicas francesas e españolas.

	Francia	España
Ranking exportadores 2007	5ª potencia exportadora segundo a OMC.	17ª potencia exportadora segundo a OMC.
Ranking económico mundial	Economía nº 6 segundo o FMI	Economía nº 8 segundo o FMI
PIB 2007	2.057.000 MMill. USD	1.361.000 MMill. USD
Renta per cápita 2007	33.200 USD	30.200 USD
Exportacións mercancías 2007	553.400 Mill. USD	241.000 Mill. USD
Importacións mercancías 2007	615.200 Mill.USD	372.600 Mill. USD
Poboación	64 millóns	44 millóns
Extensión	544.000 km <sup>2</sup>	500.000 km <sup>2</sup>

Fonte: Elaboración propia, a partir de datos do ICEX , do FMI e da OMC.

### 5.2.2. O comercio exterior

Tras tres anos de forte crecemento, a tendencia á alza dos fluxos de intercambios comerciais de Francia co exterior moderouse considerablemente no 2007, xa que o comercio exterior tan só rexistrou un incremento do 4,1% respecto de 2006.

## Estudo de Oportunidades de Negocio no Exterior

As **importacións aumentaron máis que as exportacións** por cuarto ano consecutivo, e o déficit para Francia CIF-FOB, de 54.900 millóns de euros foi case un 30% superior ao rexistrado no 2006, 42.500 millóns, e case o dobre do rexistrado no 2005. O incremento do déficit segue sendo a resultante do alto nivel da demanda interna de consumo e do prezo do cru.

No 2007, o total das exportacións de Francia alcanzou a cifra de 395.600 millóns de euros, cun incremento do 2,8% respecto ao 2006, mentres que as importacións sumaron 450.500 millóns, contabilizando á súa vez un alza do 5,4%.

Durante o ano 2007, 105.648 empresas realizaron operacións de importación, (estable respecto de 2006) e 98.329, operacións de exportación (0,6% menos que no 2006) das cales 95.106 (96,7%) empregan menos de 250 asalariados, pero só representan o 43% das exportacións totais.

O **comercio exterior segue estando moi concentrado** en canto aos operadores e os sectores. Un pequeno número de empresas, o 3,4% dos operadores, realizan o 59% das exportacións e o 51% das importacións. A nivel sectorial, un número reducido de sectores da industria e o comercio realizan 75% dos fluxos (enerxía, aeronáutica, automoción, mecánica, produtos químicos e farmacéuticos, etc.)

A industria representa 29% dos operadores pero realiza máis da metade das importacións e case tres cuartos das exportacións totais. Os sectores máis dinámicos son a enerxía, o automóbil, o sector químico, a maquinaria e a metalurxia.

Si se consideran os resultados FOB-FOB, que no 2006 arroxaran un déficit de 28.200 millóns de euros, a progresión no 2007 foi importante xa que o saldo negativo alcanzou os 39.200 millóns.

A balanza de pagos por conta corrente presentou no 2007 un déficit ou necesidade de financiamento de 21.893 millóns de euros, atribuíble fundamentalmente ao déficit da balanza de mercancías que foi de case de 38.601 millóns de euros.

### Principais socios comerciais

No que se refire aos principais socios comerciais de Francia, cabe destacar a Alemania, Italia e Bélxica como os tres **principais provedores** tendo entre os seus **principais clientes** a Alemania, España e Italia. Ponse de manifesto que Alemania e

## Estudo de Oportunidades de Negocio no Exterior

Italia son socios estratéxicos para Francia xa que figuran entre os seus tres primeiros exportadores e importadores.

### Principais países provedores de Francia

	2005		2006		2007	
	Mill. €	%	Mill. €	%	Mill. €	%
ALEMANIA	67.122	17,2	69.398	16,3	75.103	16,7
ITALIA	33.954	8,9	36.575	8,5	38.704	8,6
BÉLGICA	31.494	8,7	35.773	8,3	37.483	8,3
ESPAÑA	27.541	7,1	29.334	6,9	31.483	7,0
CHINA	21.660	5,6	24.675	5,8	29.166	6,5
ESTADOS UNIDOS	22.836	5,9	25.540	6,0	26.005	5,8
REINO UNIDO	22.891	5,9	26.154	6,2	24.659	5,5
PAÍSES BAJOS	16.348	4,2	17.730	4,1	18.566	4,1
JAPÓN	10.482	2,7	10.405	2,4	10.292	2,3
SUIZA	8.794	2,3	9.461	2,2	10.066	2,2

Fonte: D.G. des Douanes

### Principais países clientes de Francia

	2005		2006		2007	
	Mill. €	%	Mill. €	%	Mill. €	%
ALEMANIA	51.372	14,6	55.852	14,5	57.172	14,4
ESPAÑA	35.938	10,2	38.046	9,9	37.968	9,6
ITALIA	32.453	9,2	35.109	9,1	36.259	9,2
REINO UNIDO	31.417	8,9	32.836	8,6	33.230	8,4
BÉLGICA	26.656	7,6	28.727	7,4	29.852	7,6
ESTADOS UNIDOS	24.988	7,1	26.346	6,9	24.894	6,3
PAÍSES BAJOS	14.521	4,1	15.961	4,1	16.651	4,2
CHINA	9.444	2,4	9.768	2,8	11.468	2,9
SUIZA	10.211	2,9	10.430	2,7	10.503	2,7
POLONIA	4.730	1,3	7.000	1,8	6.395	1,6

Fonte: D.G. des Douanes

### 5.2.3. *Relacións bilaterais España-Francia*

O saldo da balanza comercial de España con Francia experimentou unha clara melloría no ano 2008 con respecto a 2007, debido fundamentalmente á caída dun 13% das importacións españolas xa que as exportacións mantivéronse nun volume similar ao de 2007.

#### **Balanza comercial de España con Francia (en miles de euros)**

	2008				2007			
	Expor.	Impor.	Saldo	Cobertura	Export.	Import.	Saldo	Cobertura
Enero	2.874.762	2.507.878	366.884	114,63%	2.832.400	2.746.698	85.702	103,12%
Febrero	3.090.025	3.043.576	46.449	101,53%	3.055.444	2.931.098	124.347	104,24%
Marzo	3.041.662	2.867.787	173.875	106,06%	3.334.990	3.218.008	116.981	103,64%
Abril	3.355.220	3.020.447	334.773	111,08%	2.796.846	2.985.811	-188.965	93,67%
Mayo	3.178.923	2.625.664	553.258	121,07%	3.250.390	3.041.662	208.728	106,86%
Junio	3.000.527	2.634.910	365.617	113,88%	3.306.380	3.258.286	48.095	101,48%
Julio	3.143.346	2.666.514	476.831	117,88%	2.963.165	2.900.272	62.893	102,17%
Agosto	1.669.607	1.868.373	-198.766	89,36%	1.944.992	2.166.335	-221.343	89,78%
Septiembre	3.327.845	2.724.076	603.769	122,16%	2.816.182	2.861.793	-45.611	98,41%
Octubre	2.983.509	2.491.872	491.636	119,73%	3.224.563	3.191.738	32.826	101,03%
Noviembre	2.447.735	2.006.623	441.112	121,98%	3.013.102	3.070.185	-57.083	98,14%
Diciembre	2.096.560	1.886.939	209.621	111,11%	2.248.216	2.629.231	-381.015	85,51%
<b>Total</b>	<b>34.209.720</b>	<b>30.344.661</b>	<b>3.865.060</b>	<b>112,74%</b>	<b>34.786.672</b>	<b>35.001.117</b>	<b>-214.446</b>	<b>99,39%</b>

Fonte: ICEX

Na seguinte táboa preséntase o ranking dos principais sectores importados por España a Francia no ano 2008, na que se pode observar que os principais produtos e servizos franceses importados por España son: tecnoloxía, química e industria auxiliar. Así o 40% das importacións españolas de Francia proveñen do sector da tecnoloxía industrial, un 14% son produtos químicos e un 11% están relacionados coa industria auxiliar mecánica e a construción.

#### **Ranking dos principais sectores importados por España a Francia. 2008**

Orden	Sector	Importe (miles de €)
1	Tecnología industrial	12.082.274
2	Industria química (productos químicos)	4.186.895
3	Industria auxiliar mecánica y de la construcción	3.335.204
4	Moda	1.765.816
5	Materias primas, semimanufacturas y productos intermedios	1.656.922
6	Panadería y otros	1.532.777
7	Hábitat	1.036.176
8	Tecnología de la información y de las telecomunicaciones	880.316

## Estudo de Oportunidades de Negocio no Exterior

9	Productos hortofrutícolas	735.720
10	Lácteos	644.657
11	Medio ambiente y producción energética	630.741
12	Ocio	571.598
13	Pescados y marisco	286.806
14	Productos cárnicos	240.924
15	Industrias culturales	158.075
16	Animales vivos y sus productos	146.087
17	Otras bebidas alcohólicas	138.510
18	Grasas y aceites	134.960
19	Vinos	79.845
20	Tabaco	58.183
21	Bebidas sin alcohol	33.129
22	Plantas vivas y productos de floricultura	9.048

Fonte: ICEX

No que atange aos principais produtos exportados por España a Francia, a continuación pódese ver como o sector da tecnoloxía industrial representa o 43% das exportacións españolas a ese país, a industria auxiliar mecánica e a construción pesan un 9% e a industria química outro 9%.

### **Ranking dos principais sectores exportados por España a Francia. 2008**

Orden	Sector	Importe (miles de €)
1	Tecnología industrial	14.860.631
2	Industria auxiliar mecánica y de la construcción	3.245.650
3	Industria química (productos químicos)	3.061.809
4	Hábitat	2.206.370
5	Productos hortofrutícolas	2.146.978
6	Moda	1.939.395
7	Materias primas, semimanufacturas y productos intermedios	1.721.306
8	Productos cárnicos	845.002
9	Medio ambiente y producción energética	711.493
10	Panadería y otros	652.869
11	Ocio	620.896
12	Grasas y aceites	436.140
13	Tecnología de la información y de las telecomunicaciones	349.271
14	Pescados y marisco	268.923
15	Bebidas sin alcohol	240.886
16	Industrias culturales	240.409
17	Lácteos	197.708
18	Animales vivos y sus productos	162.150
19	Vinos	137.639
20	Plantas vivas y productos de floricultura	58.747
21	Otras bebidas alcohólicas	58.376
22	Tabaco	47.073

Fonte: ICEX

### 5.2.4. Vantaxes do mercado francés

Francia é un mercado prioritario polas seguintes razóns:

- Ocupa o **sexto lugar na economía mundial** e o cuarto no ranking de exportadores. Conta con máis de 20.000 empresas estranxeiras instaladas e atraeu 58.400 millóns de euros en investimentos directos estranxeiros no ano 2006.
- 10.500 Km. de autoestradas, un millón de kilómetros de estradas, 2.000 Km. de vías férreas de alta velocidade (TGV), seis aeroportos internacionais... o país encontrase completamente cuberto por unha das redes de infraestructuras máis competitivas del mundo que o converten nunha auténtica **plataforma de acceso ao primeiro centro mundial**: o mercado europeo e o seus 493 millóns de consumidores.
- Cunha das mellores **taxas de productividade** horaria do mundo, un número de días de folga inferior ao de Estados Unidos, e unha flexibilidade na lei das 35 horas, o país ofrece ás empresas un dos mellores PIB por hora traballada de todo o continente europeo.
- Aposta pola **innovación**. Francia dedica case o 2,2% do seu PIB á innovación, o que sitúa ao país no cuarto lugar do ranking mundial. Atópase moi por diante do Reino Unido, España e Italia. En termos de gasto público, Francia sitúase á cabeza dos países da OCDE, por diante de Estados Unidos.